



EXPEDIENTE:	1924 / 440	TIPO EXPTE:	CONTRATO MENOR DE OBRAS
		SOLICITANTE:	Fomento

INFORME:

O 14 de xuño de 2013, o Concelleiro-delegado da Área de Fomento resolveu orde de servizo, para a tramitación dun expediente de gasto menor para a contratación das **obras de reparación e mantemento da semiestrada descendente da rúa Urzáiz**.

O presuposto estimouse en 60.490,54 euros (IVE incluído), segundo a memoria valorada aprobada pola citada resolución do Concelleiro-delegado de 14/06/13.

O 26 de xuño de 2013 infórmase pola Intervención Municipal a existencia de saldo de crédito dispoñible para atender o gasto.

Atendendo as instrucións sobre a tramitación de contratos de obras menores para a Área de Fomento, na sesión pública do 15 de xullo de 2013 a Comisión de Valoración das ofertas procedeu a apertura dos sobres que contiñan as ofertas presentadas polos licitadores, resultando que a mellor oferta das admitidas foi a presentada pola mercantil **ANLLAR CONSTRUCCIONES, S.L.**, por un importe de **47.702,85 euros** (IVE incluído).

Da sesión levantouse acta, que foi publicada no Perfil do Contratante e notificada ó citado licitador o día 18 de xullo de 2013 por correo electrónico, xunto co requirimento de que aportara xustificante de ter depositado na Tesourería Municipal garantía dun 5% do importe de adjudicación, excluído o IVE, en calquera das formas previstas no art. 96 do TRLCSP, nun prazo de 5 días hábiles.

Recibida a documentación requirida e comprobado que esta é correcta, procede formalizar o correspondente contrato.

PROPOSTA

1. Autorizar o gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo importe de **47.702,85 euros**, para a realización das **obras de reparación e mantemento da semiestrada descendente da rúa Urzáiz** a prol da empresa ANLLAR CONSTRUCCIONES, S.L. (B-32.359.432), con cargo á/s partida/s:

Func.	Económ.	Proxecto	Importe	Descrición
-------	---------	----------	---------	------------

1550 2100000 47.702,85 CONSERVACIÓN DE VIAS E ESPACIOS PÚBL.

2. En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 86.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), entendéndose que os expedientes deben de abarcala totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.
3. Formaliza-lo contrato consonte ao previsto no TRLCSP 3/2011.

Conforme,
o/a Concelleiro/a Delegado/a de
Economía e Facenda

Vigo, 30 de xullo de 2013
O Xefe da Área de Fomento

D. Álvaro Crespo Casal

Dna. Raquel Díaz Vázquez



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 07/08/2013 12:48	Páxina 1 de 2
Expediente 1924/440	Código de verificación: 2EEE3-E3E3D-AB82B-EAB5D	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



DECRETO

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013)

RESOLVO:

1. Autoriza-lo gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo importe de **47.702,85** euros, para a realización das **obras de reparación e mantemento da semiestrada descendente da rúa Urzáiz** a prol da empresa ANLLAR CONSTRUCCIONES, S.L. (B-32.359.432), con cargo á/s partida/s:

Func.	Económ.	Proxecto	Importe	Descrición
-------	---------	----------	---------	------------

1550 2100000 47.702,85 CONSERVACION DE VIAS E ESPACIOS PUBL.

2. En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 86.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), entendéndose que os expedientes deben de abarcar-la totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.
3. Formaliza-lo contrato consonte ao previsto no TRLCSP 3/2011.

SGA/

Vigo, 30 de xullo de 2013
O Concelleiro-delegado da Área de Fomento

ASDO: D. David Regades Fernández

Conforme,
o/a Concelleiro/a Delegado/a de
Economía e Facenda

Vigo, 30 de xullo de 2013
O Xefe da Área de Fomento

D. Álvaro Crespo Casal

Dna. Raquel Díaz Vázquez



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 07/08/2013 12:48	Páxina 2 de 2
Expediente 1924/440	Código de verificación: 2EEE3-E3E3D-AB82B-EAB5D	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		